

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014520	Pedra da Auga	Ponteareas	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0441	Técnica contable	2023/2024	5	133	159

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ERNESTO ROA MARTÍNEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Ciclo Superior de Xestión Administrativa inclúe o módulo de Técnica Contable que se imparte no Instituto de Educación Secundaria (IES) Pedra da Auga. Neste centro impartense diversos ciclos( CS Administración e Finanzas, CM Xestión Administrativa, CM Electricidad, CM Electromecánica de vehículos), tamén FPB Servizos Administrativos e FPB Electricidade. Así como a ESO e Bacharelato.

O concello de Pontearreas atópase situada na comarca de O CONDADO. Cunha extensión de 126 km<sup>2</sup>, limita ó N: Mondariz-Balneario e Pazos de Borbén , S: Salceda e Salvaterra de Miño , E: Mondariz e As Neves , O: Mos e O Porriño. A súa poboación supera os 22.000 habitantes.

Da análise da realidade económica na bisbarra do CONDADO PARADANTA, en cursos anteriores, obsérvase unha economía moi diversificada, pois aparte do cultivo do millo e da pataca, abriuse un abano de novas producións, sobre todo en invernadoiros, como son as flores ornamentais, hortalizas, os viñedos e plantacións de kiwis. Existe tamén un sector industrial ligado á construción e industrias auxiliares, que nos últimos tempos estase a abater por mor da fase de recesión económica global. Sobresae a industria da madeira e da alimentación.

As formas xurídicas predominantes nas empresas do entorno son as S.L. e empresas individuais. Respecto a súa dimensión atopámonos perante pemes e microempresas.

As tarefas que poden desempeñar os futuros técnicos Superiores en Administración e Finanzas son a xestión e o asesoramento nas áreas laboral, comercial, contable e fiscal de calquera empresa. Tamén poden realizar trámites administrativos coas administracións públicas, xestión do arquivo, atención ao cliente etc.

Estes profesionais poden prestar servizos :

-Sector Financeiro

-Asesorías xurídicas, fiscais e xestorías

-Seguros

-Administración

-Auditorías

-Xestión dun comercio

-Construción etc.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Elementos Patrimoniais das organizacións económicas	Coñeceremos que son as empresas e para que serven, os diferentes criterios para clasificalas e as súas distintas formas xurídicas, analizando as principais características de cada unha delas. Nesta Unidade definiremos o concepto de patrimonio empresarial e determinaremos os elementos patrimoniais que o compoñen.	15	5
2	Metodoloxía Contable	Nesta Unidade definiremos o concepto de feito contable, así como as alteracións que inflúen na composición do patrimonio da empresa. Nesta Unidade empezaremos determinaremos os libros que obrigatoriamente deben levar os empresarios distinguindo, ademais, entre obrigatorios, voluntarios, principais e auxiliares. Comezaremos por definir o Balance inicial que debe elaborar a empresa e como coincide co asento de apertura da contabilidade.	45	20
3	O Plan Xeral de Contabilidade	Definiremos o concepto de normalización contable, a adaptación ás Normas Internacionais de Información Financeira (NIIF).	15	10
4	Contabilización dos feitos económicos básicos da empresa	Coñeceremos o funcionamento da conta de mercadorías e a regularización das contas de existencias. Nesta unidade estudiaremos outros gastos e ingresos propios da xestión empresarial como gastos de persoal, servizos exteriores, etc. Nesta unidade describiremos os subgrupos 20 e 21, a súa adquisición, amortización e a súa baixa no inventario como consecuencia da venda. Definiremos as fontes de financiamento da empresa e veremos algunha das operacións de financiamento máis comúns como os préstamos.	64	60
5	Operacións de contabilización perante aplicacións informáticas específicas	Aplicarase os coñecementos adquiridos nos apartados anteriores mediante a utilización dun programa informático de contabilidade	20	5

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Elementos Patrimoniais das organizacións económicas	15

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os elementos que integran o patrimonio dunha organización económica, e clasifícaos en masas patrimoniais.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as fases do ciclo económico da actividade empresarial.
CA1.2 Diferenciáronse os conceptos de investimento e financiamento, investimento e gasto, gasto e pagamento, e ingreso e cobramento.
CA1.3 Distingúronse os tipos de empresas baseándose nos criterios de clasificación habituais.
CA1.4 Defínense os conceptos de patrimonio, elemento patrimonial e masa patrimonial.
CA1.5 Identifícanse as masas patrimoniais que integran o activo, o pasivo exixible e o patrimonio neto.
CA1.6 Relacionouse cada masa patrimonial coas fases do ciclo económico da actividade empresarial.
CA1.7 Ordenouse en masas patrimoniais un conxunto de elementos patrimoniais.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Actividade empresarial: Actividade económica. Empresa: concepto e tipos. Ciclo económico da empresa
Patrimonio empresarial e contabilidade: Elementos patrimoniais. Masas patrimoniais.
Activo, pasivo e patrimonio neto dunha empresa.
Equilibrio patrimonial.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Metodoloxía Contable	45

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece a metodoloxía contable tendo en conta a terminoloxía e os instrumentos contables utilizados na empresa.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Distingúíronse as fases do ciclo contable completo e adaptáronse á lexislación española.
CA2.2 Describiuse o concepto de conta como instrumento para representar os elementos patrimoniais e os feitos económicos da empresa, e identificouse a súa estrutura.
CA2.3 Describíronse as características máis importantes do método de contabilización por partida dobre.
CA2.4 Recoñecéronse os criterios de cargo e aboamento como método de rexistro das modificacións do valor dos elementos patrimoniais.
CA2.5 Recoñeceuse a importancia do balance de comprobación como instrumento básico para a identificación de erros e omisións nas anotacións das contas.
CA2.6 Diferenciáronse as contas de ingresos e de gastos.
CA2.7 Definiuse o concepto de resultado contable.
CA2.8 Describíronse as funcións dos asentamentos de pechamento e apertura.
CA2.9 Estableceuse a función do balance de situación, das contas de perdas e ganancias, e da memoria.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Operacións mercantís desde a perspectiva contable.
Teoría das contas: concepto, estrutura e tipos de contas.
Método por partida dobre.
Libros contables.
<b>Libros Contables. Desglose e Presentación</b>
<b>Libros Contables e a súa relación co Ciclo Contable</b>
Desenvolvemento do ciclo contable.
<b>Desenvolvemento do Ciclo Contable sin Existencias</b>
<b>Desenvolvemento do Ciclo Contable con Existencias</b>
<b>Desenvolvemento do Ciclo Contable Completo e a súa relación con Libros e Estados Contables</b>
Existencias de mercadorías.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	O Plan Xeral de Contabilidade	15

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Identifica o contido básico do plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas (PXC-PEME) e interpreta a súa estrutura.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Relacionouse a normativa mercantil co plan xeral de contabilidade (PXC).
CA3.2 Recoñeceuse o PXC como instrumento de harmonización contable.
CA3.3 Identificáronse as partes do PXC-PEME.
CA3.4 Diferenciáronse as partes obrigatorias e non obrigatorias do PXC-PEME.
CA3.5 Identificáronse os principios contables establecidos no marco conceptual do plan.
CA3.6 Describiuse o sistema de codificación establecido no PXC-PEME e a súa función na asociación e na desagregación da información contable.
CA3.7 Codificouse un conxunto de elementos patrimoniais de acordo cos criterios do PXC-PEME.
CA3.8 Identificáronse as contas anuais que establece o PXC-PEME.
CA3.9 Identificáronse as contas que corresponden aos elementos patrimoniais.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Normalización contable: o plan xeral de contabilidade.
Marco conceptual do PXC: principios contables.
Normas de rexistro e valoración.
Contas anuais.
Cadro de contas.
Definicións e relacións contables.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Contabilización dos feitos económicos básicos da empresa	64

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Clasifica contablemente feitos económicos básicos, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do PXC-PEME.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícaronse as contas patrimoniais e de xestión que interveñen nas operacións básicas das empresas.
CA4.2 Codificáronse as contas consonte o PXC-PEME.
CA4.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC-PEME.
CA4.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables.
CA4.5 Realizáronse as operacións contables correspondentes a un exercicio económico básico.
CA4.6 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Compra e venda de mercadorías. <b>Compra de mercadorías</b> <b>venda de Mercadorías</b>
Outros gastos e ingresos.
Inmobilizado material: amortización e baixa contable.
Fontes de financiamento.
Operacións de fin de exercicio. Pechamento contable.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Operacións de contabilización perante aplicacións informáticas específicas	20

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza operacións de contabilización mediante aplicacións informáticas específicas, e valora a súa eficiencia na xestión do plan de contas.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Realizáronse as altas e as baixas de contas e subcontas codificadas que procedan da documentación soporte, seguindo os procedementos establecidos.
CA5.2 Propuxéronse altas e baixas de códigos e conceptos en asentamentos predefinidos, seguindo os procedementos establecidos.
CA5.3 Introducíronse conceptos codificados na aplicación informática seguindo os procedementos establecidos.
CA5.4 Executáronse as baixas dos conceptos codificados coa autorización correspondente.
CA5.5 Introducíronse os asentamentos predefinidos na aplicación informática seguindo os procedementos establecidos.
CA5.6 Introdúciuse no asentamento a información correspondente a cada campo, de acordo coa natureza económica da operación.
CA5.7 Arranxáronse os imprevistos que poidan xurdir durante o uso da aplicación, recorrendo á axuda do programa, á axuda en liña ou ao servizo de atención á clientela da empresa creadora do software.
CA5.8 Realizouse copia de seguridade das contas, dos saldos e dos seus movementos respectivos, así como da colección de apuntamentos predefinidos.
CA5.9 Seguíuse o plan de acción para a custodia no lugar e no soporte axeitados, así como a xestión administrativa da copia de seguridade, nun tempo axeitado e cos métodos apropiados.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Xestión das partidas contables nunha aplicación informática.
Operacións de mantemento básico de aplicacións
Asentamentos predefinidos.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### A- CONTIDOS MÍNIMOS:

Os mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva son os enumerados nos criterios de avaliación en cada unidade didáctica. É preciso obter unha calificación positiva en ditos criterios para superar o módulo.

### B- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A valoración que acade o alumno/a en cada unha das avaliacións obtérase a través da ponderación das notas obtidas en cada un dos seguintes apartados:

- A: Probas escritas de coñecementos teóricos e prácticos (80%). É preciso obter un mínimo dun 3 en cada unha das probas para poder obter unha calificación positiva da avaliación. En caso contrario a nota da avaliación será a nota desa proba.

No caso de detectar a un alumno copiando, a proba valorarase cun 0, suspendendo esa avaliación ao non acadar a nota mínima dun 3.

- B: Avaliación das actividades, casos prácticos, proxectos e traballo na aula (20%). A presentación dos traballos e actividades requeridos deberá facerse antes do límite máximo fixado. No caso contrario, serán valorados cun 0.

Ao final de cada avaliación, o docente poderá solicitar a carpeta de traballo ao alumnado para a súa valoración.

O profesor poderá requerir a exposición no encerado das actividades e casos por parte do alumnado. Esta tamén será avaliada

No caso de detectar copia nalgunha das entregas, estas serán valoradas cun 0.

Polo tanto, a nota de cada avaliación no módulo será a resultante de aplicar as ponderacións anteriormente explicadas a cada bloque, sendo necesaria unha puntuación igual ou superior ao 5 para poder aprobar

Para cualificar a proba de coñecementos teórico-prácticos do apartado A se valorará segundo a puntuación que figurará na proba onde a puntuación máxima corresponderá á resposta completa e axeitada á pregunta realizada ou resposta correcta ao suposto plantexado con correcta expresión escrita. As respostas incompletas, con erros ou con incorrecta expresión terán unha penalización graduada.

Para cualificar as actividades e traballos do apartado B valorarase:

- Que a resposta sexa completa e axeitada ao que se pide na actividade.
- Uso de vocabulario relacionado co módulo
- Grado de profundidade e orixinalidade das respostas
- Relación das respostas co mundo empresarial e a utilización de exemplos reais
- Orden e presentación das entregas
- A correcta expresión escrita

Tanto na parte A como na parte B, poderase reducir a puntuación do alumnado ata un punto do total da nota por faltas ortográficas.

Redondeo da nota final de cada avaliación. Sempre e cando o alumnado obteña unha puntuación superior a 5, farase un redondeo a partir de 0,75. A modo de exemplo: un 5,75 convertirase nun 6, mentres que un 5,5 será un 5. No caso de sacar unha nota inferior a 5, non se fará redondeo. Un 4,75 e un 4,5 serán un 4. Para a nota de final de curso, teranse en conta as notas exactas con decimais obtidas en cada unha das avaliacións.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os exames de recuperación das avaliacións non superadas terán lugar no mes de xuño

Durante o prazo que transcorre entre a terceira avaliación e a avaliación final, o alumnado con algunha avaliación pendente realizará unha proba escrita coas pendentes de recuperar.

A recuperación das avaliacións pendentes terá lugar ó final do curso. Consistirá nunha proba única, dividida por avaliacións, e o alumnado terá que realizar soamente a parte correspondente a aquelas avaliacións que teña pendentes. Nesta convocatoria manterase a nota obtida na avaliación continua nos trimestres anteriores

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A perda do dereito á avaliación continua conleva a execución dunha única proba escrita de avaliación extraordinaria no mes de xuño.

Mediante a realización desta proba os alumnos deberán acreditar o grao de consecución de contidos mínimos exhibibles en cada unha das unidades didácticas relacionadas na programación, sendo estes os enumerados nos criterios de avaliación das unidades.

A proba puntuarase sobre 10, sendo necesario acadar unha nota igual ou superior a 5 para aprobar.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente realizarase unha valoración da evolución da programación

Ao final do ano realizase unha valoración global. Ao final do curso académico realizarase unha enquisa entre o alumnado para valorar a práctica docente

O seguimento da programación farase a través da aplicación da Xunta. PROGRAMACIÓNS -Seguimento-.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha proba, ó inicio do curso, cunha serie de conceptos e terminoloxía básica referente ó módulo para observar o nivel de entrada dos alumnos e, con isto, obter unha valoración xenérica do grupo; así mesmo preguntáraselle os estudos realizados a cada alumno.

Neste módulo seguiranse os protocolos de atención a diversidade marcados pola Consellería de Educación

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para posibilitar a consecución por parte de todo o alumnado dos mínimos reflectidos na programación propóñense as seguintes medidas:

- Atención personalizada na aula priorizando o desenvolvemento de determinadas capacidades naqueles alumnos que así o requiran.
- Buscarase a comprensión dos aspectos esenciais da cada tema por parte de todo o grupo.
- A profundización e o estudo detallado de casos concretos dependerá das capacidades individuais da cada alumno.
- Seguimento do traballo diario : valoración da evolución que presenta respecto á situación anterior.
- Deixar máis tempo para a realización das probas escritas.

E se foran necesarias medidas de reforzo específicas para o alumnado que non é capaz de seguir o ritmo normal da clase, deseñaranse tarefas complementarias que serán supervisadas polo profesor

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores cívicos e profesionais esta presente en todas as unidades didácticas que forman o módulo coa finalidade de formar cidadáns e profesionais comprometidos cos valores dunha sociedade democrática.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Aterase as actividades acordadas no Departamento e remitidas a CCP.

Para aquelas actividades relacionadas co módulo, a asistencia por parte do alumnado será de carácter obligatorio. No caso de non asistir, repercutirá na parte B da avaliación (Actividades, casos prácticas, proxectos e traballo na aula)

## 10.Outros apartados

### 10.1) Ensinanza a distancia

O contorno virtual de aprendizaxe

Para levar a cabo un proceso de ensino-aprendizaxe en liña é preciso un software que integre as principais ferramentas que ofrece Internet e que permita o desenvolvemento de cursos virtuais interactivos, tele-formación, titoría e seguimento dos estudantes.

En relación coa aprendizaxe, facilitarase ao alumno: acceso a material didáctico; o contacto co resto de alumnado, profesorado, tutores,...; realización de tarefas de traballo individual e grupal;a organización e planificación do estudo e, a consulta de dúbidas e o intercambio de información.

#### FERRAMENTAS

Como complemento ao contido deste curso, é importante por a disposición do alumno diferentes ferramentas que faciliten o proceso de

aprendizaxe, así como poder continuar co mesmo en caso de corentena ou confinamento por mor do COVID-19.

A principal ferramenta empregada será a AULA VIRTUAL, posta a disposición por cada centro educativo, onde se poderán atopar as diferentes ferramentas de traballo. En primeiro lugar, é interesante proporcionar unha ferramenta interactiva que permita a organización espazo-temporal do estudo, que poida usarse como taboleiro de anuncios para eventos de interese (información académica, convocatoria de sesións de chat, ...).

Para comunicarse e relacionarse entre os membros que participan no proceso de ensino-aprendizaxe empregarase a mensaxería interna. A plataforma virtual ofrece a posibilidade de subir contidos, tarefas, probas, etc, por parte do profesorado. Por parte do alumnado enviar esas tarefas, probas, traballos, etc, para a correspondente corrección por parte do profesorado.

O correo electrónico fará posible a comunicación privada (aínda que só se debe empregar cando o profesor o estableza) e, se é necesario, o envío de mensaxes a grupos de alumnos para manter unha comunicación fluída e rápida.

Outra ferramenta, posta a disposición pola Xunta, é a aplicación CISCO WEBEX OU FALEMOS, que permite unha conexión directa tanto para levar a cabo a explicación dos contidos, realizar titorías personalizadas e mesmamente levar a cabo reunións virtuais entre os compoñentes da comunidade educativa, ben por parte dun departamento, CCP e incluso de todo o profesorado.

## 10.2) Metodoloxía e instrumentos de avaliación

A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais, Webex ou falamos, etc.. como se indica no parágrafo 10.1.

O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

Os criterios de cualificación mantéñense os previstos na programación, adaptando as probas ao contexto da ensinanza a distancia. As probas escritas terán un formato tipo test (para os contidos teóricos) e supostos prácticos globalizadores dos contidos analizados nas distintas unidades didácticas, as dúas opcións reflíctense na aula virtual.